



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xuño 2024

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Xuño 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un descenso do 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 3,7 puntos á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 0,2%, taxa inferior en 3,8 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en doce comunidades autónomas no mes de xuño.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,4% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas agás en Asturias aumenta o persoal ocupado no mes de xuño.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un descenso do 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 3,7 puntos á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 0,2%, taxa inferior en 3,8 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun decrecemento do 5,3%, resta 4,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,7%. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 1,0% e nos *Outros servizos* aumenta o 2,2%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra unha diminución do 9,8%, co que resta 5,0 puntos a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 17,2%, sumando 0,9 puntos, e o *Comercio ao retalho* aumenta o 0,6%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 2,7% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 3,0% e o *Comercio ao retalho* o 1,1%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 4,7%. Os maiores crecementos rexístranse no *Transporte* (8,9%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (6,9%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 2,2%. O maior incremento prodúcese na *Hostalería* (8,2%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 0,9% en Galicia e un 2,4% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con maior caída, -4,1% en Galicia e -2,3% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 2,8% no mes de xuño.


O sector con maior incremento é *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (15,9%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xuño, a cifra de negocios aumenta en doce comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. La Rioja (4,9%) e Illes Balears (4,6%) son as comunidades con maior incremento da facturación. As maiores caídas rexístranse en Murcia (-3,5%), Galicia (-2,7%) e País Vasco (-2,4%).

Na primeira metade do ano, a cifra de negocios aumenta en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (10,9%), Illes Balears (6,5%) e Navarra (6,0%). Diminúe a facturación en Aragón (-1,4%) e País Vasco (-0,9%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2024

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,4% respecto ao mes de xuño de 2023, menos que en España (1,6%).

O persoal ocupado crece un 0,2% no *Comercio* e un 2,1% nos *Outros servizos*. Os sectores con maiores incrementos son *Información e comunicacións* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (ambas as dúas 3,6%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,5% no *Comercio* e un 1,7% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,6%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,7% en Galicia e un 2,0% en España. *Información e comunicacións, Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran os maiores incrementos tanto en Galicia como en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xuño con respecto ao mesmo mes do ano 2023 agás Asturias (-0,6%). O maior crecemento rexístrase en Canarias (4,0%).

Na primeira metade do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando os maiores crecementsos Canarias (3,4%) e Murcia (2,4%).

Índices de persoal ocupado. Xuño 2024

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	128,2	-2,7	0,9
Comercio	126,9	-5,3	-0,4
Venta e reparación de vehículos de motor	154,3	17,2	23,0
Comercio por xunto	126,3	-9,8	-4,1
Comercio ao retalho	119,0	0,6	3,6
Outros servizos	131,7	4,7	4,7
Transporte	135,3	8,9	1,9
Hostalería	169,8	0,6	3,9
Información e comunicacións	131,2	3,4	15,9
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	118,0	6,9	4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,0	-1,2	3,5
España			
Xeral	127,1	0,2	2,4
Comercio	121,9	-1,0	0,8
Venta e reparación de vehículos de motor	141,5	3,0	9,1
Comercio por xunto	116,5	-2,7	-2,3
Comercio ao retalho	127,6	1,1	4,1
Outros servizos	136,7	2,2	5,4
Transporte	131,2	0,0	2,2
Hostalería	181,6	8,2	8,8
Información e comunicacións	120,8	-0,4	5,1
Actividades inmobiliarias	121,0	1,8	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,2	0,9	6,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	163,8	3,5	7,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	135,9	2,8	6,0
Comercio	128,7	0,4	5,1
Transporte	133,2	7,5	3,3
Hostalería	181,7	0,8	3,4
Información e comunicacións	134,0	2,2	14,4
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	128,6	15,9	13,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,4	0,3	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	127,1	0,2	2,4
Andalucía	128,5	2,3	4,9
Aragón	118,5	-1,7	-1,4
Asturias	125,0	2,4	3,9
Balears, Illes	183,9	4,6	6,5
Canarias	141,6	1,9	4,6
Cantabria	120,7	1,9	4,5
Castilla y León	120,7	2,1	3,1
Castilla-La Mancha	122,0	1,5	4,0
Cataluña	128,1	0,4	2,5
Comunitat Valenciana	125,4	1,0	4,3
Extremadura	127,5	2,7	3,0
GALICIA	128,2	-2,7	0,9
Madrid	123,8	-1,1	0,5
Murcia	120,8	-3,5	1,3
Navarra	134,6	2,6	6,0
País Vasco	122,9	-2,4	-0,9
Rioja, La	131,9	4,9	10,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,2	1,4	1,7
Comercio	103,2	0,2	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	99,1	3,3	2,2
Comercio por xunto	102,4	-0,5	0,9
Comercio ao retallo	104,5	0,0	0,1
Outros servizos	108,1	2,1	2,5
Transporte	100,8	2,2	1,4
Hostalería	116,0	0,4	2,6
Información e comunicacións	113,2	3,6	4,5
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,7	1,7	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,4	3,6	2,7
España			
Xeral	109,3	1,6	2,0
Comercio	106,0	1,5	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	104,7	2,3	2,2
Comercio por xunto	104,2	1,3	1,7
Comercio ao retallo	107,4	1,5	1,9
Outros servizos	111,1	1,7	2,0
Transporte	108,1	0,5	1,5
Hostalería	120,9	1,8	2,4
Información e comunicacións	112,1	1,8	2,4
Actividades inmobiliarias	100,5	-1,1	-0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,5	1,8	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,6	2,6	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,3	1,6	2,0
Andalucía	109,6	1,2	1,8
Aragón	105,1	2,1	2,2
Asturias	105,9	-0,6	1,6
Baleares, Illes	132,3	0,5	2,3
Canarias	113,1	4,0	3,4
Cantabria	105,9	1,8	1,3
Castilla y León	103,7	1,1	1,2
Castilla-La Mancha	106,8	0,9	1,1
Cataluña	110,7	1,9	2,2
Comunitat Valenciana	104,8	0,9	1,6
Extremadura	108,5	2,1	1,1
GALICIA	106,2	1,4	1,7
Madrid	110,6	2,2	2,2
Murcia	110,2	0,1	2,4
Navarra	106,2	1,2	1,1
País Vasco	104,3	1,0	1,2
Rioja, La	105,0	1,1	2,2

Fonte: INE